



# 1445. Un documento medieval (case) estradense (e breves notas)

Xosé M. Sánchez Sánchez

xosemanoelsanchez@yahoo.es

**Resumo.** Presentamos neste artigo un documento inédito de San Mamede de Ribadulla, un foro de 1455 que o Cabido de Santiago fai ao iluminador compostelán Afonso Pérez e súa dona, Aldara López. Comentamos, ao fío, algunhas breves notas encol do desenvolvemento económico que reflexa o texto así como do oficio do tomador.

**Abstract.** This article presents an unprecedented document of San Mamede de Ribadulla, a charter of 1455 that the Chapter of Santiago gives to the illuminator Afonso Pérez and his wife, Aldara López. We mention, in line, some brief notes on the economic development that reflects the text as well as the trade of the policy-holder.

O coñecemento dos lugares, da súa historia, do espazo no que nos movemos e co que interactuamos é imposible sen o coñecemento dos seus propios documentos, dos textos que nos falan daqueles que ocuparon ese mesmo espazo en tempos xa pasados. Non é a primeira vez que facemos defensa férrea da edición de fontes, como un medio único, verdadeiramente único, para profundar no coñecemento histórico dunha determinada contorna. É así que poñemos nesta entrega de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, unha nova pedra, relacionada neste caso, claro, con espazos estradenses e as freguesías máis próximas; trátase dunha parroquia quizais non estritamente estradense máis si de certa influencia na contorna: San Mamede de Ribadulla, en Vedra, cunha peza documental do ano 1445.

## O documento

Os tombos e cartularios son uns dos principais legados documentais que nos transmiten os tempos medievais. Cando, pasado un tempo, as institucións se topaban cunha grande cantidade de documen-

tación, relacionada cos seus intereses (ventas, doazóns, constituções, etc.), atópábanse igualmente con que boa parte deses documentos eran case ilexibles, principalmente porque estaban escritos en letras que xa case non se entendían ou porque se atopaban nun estado de conservación deteriorado polas condicións climáticas (algo que en Galicia coñecemos ben). A solución era clara: copialos de novo, renovar os soportes e mantelos vixentes; á fin e ao cabo, estes textos e documentos eran o fundamento dos privilexios das institucións, das súas posesións, propiedades e dereitos.

Na baixa idade media a profesión notarial vaise definindo –desde a súa aparición no século XII– ao fío dunha administración e burocracia cada vez máis numerosa e desenvolvida. Así, en Compostela, se van formando as notarías de número, divididas en catro oficios notariais, aparte dos notarios do Cabido ou dos arcebispaís; e con eles se desenvolven aínda máis os libros de rexistros e notas notariais. Sobre esta base, o propio Cabido recorre a eles para elaborar os seus rexistros<sup>1</sup>.

É así como se elabora o Tombo D, no que se atopa copiado o documento que aquí presentamos. Trátase dun libro de escrituras realizado por Xácome Eanes, escusador do cóengo compostelán Xoán de Castenda, entre os anos 1438-1452<sup>2</sup>. É neste volume, no folio 7 invertido, onde se copia a renuncia e cesión dun foro por Afonso Pérez, iluminador e veciño de Compostela, no Cabido, por unhas propiedades na freguesía de San Mamede de Ribadulla; foro que volve a coller noutras condicións.

O texto se presenta copiado nun só folio polas dúas caras, de corrido sen columnas, e comparte as características materiais, claro, do resto do tomo: o soporte é pergameo, e o tipo de letra é unha cortesá de boa lectura. O tomo ten unha encadernación posterior á súa elaboración, xa de época moderna, en coiro repuxado sobre madeira e con peches metálicos decorados con vieiras tamén de ferro. Este cartulario está elaborado en tempos do arcebispo Lope de

1 Díaz y Díaz, Manuel C.; López Alsina, Fernando; Moralejo Álvarez, Serafín, *Los tumbos en Compostela*, Madrid, 1985, p. 37.

2 *Ibidem*, p 40.

Mendoza (1399-1445); deste non só contamos con esta destacada produción bibliográfica, senón que co patrocínio de D. Lope se desenvolveron outros proxectos libraríos: o *Libro de Constituciones Sinodales*, un libro de constitucións capitulares, un códice denominado *Flores Sacrae Scripturae*<sup>3</sup>, son algúns dos volumes feitos neste momento e por influencia e meceádego de don Lope.

Neste sentido, o tomo D cobre un perfecto oco en todo este conxunto, dando cabida á documentación da institución dende unha perspectiva máis material: propiedades, vendas ou aforamentos (especialmente). O contido principal son estas transaccións, relacionadas especialmente coas posesións integradas en varias das principais tenzas capitulares<sup>4</sup>, mantendo así un control sobre as súas posesións e diversos eidos de produción e produtos (viño, cereal...).

É precisamente este o interese que ten para a institución catedralicia o documento que aquí presentamos

## Breves notas de contido

Este tipo de textos teñen a virtude de enfocar; coma un obxectivo dunha cámara, estas doazóns, aforamentos, vendas... que nos permiten ollar para un lugar detido na memoria do tempo nun intre concreto. E neste caso, nos permiten ver un pouquichiño da Ribadulla no ano 1445.

O aforamento ten como obxecto diversas entidades e propiedades en San Mamede de Ribadulla; e como obxecto non estamos a falar unicamente de terreos senón tamén do que poderíamos denominar unidades de produción, orientadas especialmente á produción de viño. O obxecto do foro *son todas las vinnas e pardiñeiros de casas e çertas leiras de herdade que perteesçen e son da quarta parte sen cura da igllisia de San Mamede de Ribadulla*<sup>5</sup>. De todo iso, o tomador, Afonso, non só se ten que facer cargo do pago senón de

3 López Ferreiro, Antonio, *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, 1904, p. 109.

4 Para a correcta definición das tenzas ver as referencias en: Pérez Rodríguez, Francisco Javier, *El dominio del cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad media: (siglos XII-XIV)*, Santiago de Compostela, 1994.

5 AD.

diversas reparacións, nun espazo que, dedicado a estes mesteres, estaba ben provisto e aprovisionado. Así, tivera que reparar *lagar, toneis, pipas e tinallas*<sup>6</sup>; como vemos todo orientado á produción vitivinícola. E o compromiso non só é ao presente senón, como é habitual, cara o futuro; o mantemento do foro esixe, ademais do pago da renda, que *deuedes de teer reparado as ditas vinnas, casas et lagar, et cubrir a dita casa de tella et teer o dito lagar ben reparado et posto en el et enna dita casa dous tonees grandes et duas pipas grandes e tres tinallas grandes, et as outras preseas que perteesçen a vinna et casa e lagar; et asi leyxar os sobre ditos fustes e preseas con a dita casa et lagar et perfeitos et reparos*<sup>7</sup>. A vide, para a produción; o lagar para o almacenamento da materia prima; pipas e tinallas para o almacenamento do produto final; fustes para o almacenamento en transporte, xa que se trata de cubetas e pipas máis móbeis. Todo o necesario para unha pequena explotación vinícola aforando, realmente, unha verdadeira unidade de produción.

Nada estraño no conxunto da Galicia medieval, por suposto, pero salientable en calquera caso para documentar as actividades económicas da zoa no século XV.

Resalta tamén o tomador do foro. O foreiro é o Cabido, con amplos intereses por toda a xeografía galega, tanto en rendas coma en posesións, o que se incrementa canto máis nos achegamos a Compostela. O *hinterland* compostelán, coma Ribadulla, Luou, etc. é espazo de forte presenza capitular como propietario.

Afonso Pérez é outro cantar. O primeiro que nos destaca é o seu oficio: *yluminador*<sup>8</sup>. Non moitas veces nos sae ao paso esta ocupación; aparentemente, e sen máis aclaracións nin pescudas, se trata de alguén dedicado a iluminar manuscritos. Pensamos, nun intre, se se trataría dun oficio máis orientado á iluminación dos núcleos e cidades ou de edificios, a catedral de Santiago, por exemplo, caso do chamado *luminario* que tiñan; mais a ausencia de referencia a este tipo de traballo e o claro do termo fai decantarnos por unha ocupación do sector librario, recollendo a propia opinión

6 AD.

7 AD.

8 AD.

de autores anteriores. Fai López Ferreiro un breve repaso ás noticias encol da iluminación e manuscritos na Compostela do século XV, referindo non só códices ben coñecidos como o Breviario de Miranda, senón a presenza de outros libros *yluminados* así como a presenza deste noso Afonso Pérez *yluminador* en documentos do ano 1466<sup>9</sup>; outros oficios relacionados co sector saen ao paso, coma o de *pulgameador*, quen trata a pel para o pergameo<sup>10</sup>.

Debía de ser este un oficio relativamente lucrativo; a inversión de Afonso Pérez non resulta nada estraño en sectores urbanos acomodados que realizan investimentos en propiedades do espazo rural circundante. Os grupos acomodados das cidades, non só en Galicia, senón no conxunto da península e no Occidente baixo-medieval, diversifican os seus recursos, así como buscan participar máis do poder decisorio nas propias urbes. No caso compostelán varios exemplos nos veñen á memoria: como nobre, Álvaro Sánchez de Ávila, tenente da fortaleza de A Rocha e ao mesmo tempo posuidor de diversos dereitos económicos sobre varios espazos capitulares<sup>11</sup>; ou como o mercador, Pedro Leiteiro, que inviste en propiedades na zona de Boiro<sup>12</sup>. E agora Afonso Pérez, seguindo esta tendencia que vai prefigurando a configuración destes grupos sociais de cara á modernidade.

Un documento; só un documento. Iso é o que presentamos; como xa fixemos outras veces. Pero coa importancia que debemos de

9 López Ferreiro, Antonio, *Historia*, op. cit., t. VII, p. 391. Fanse eco destas referencias autores clásicos posteriores, coma Villa-Amil na súa *La catedral de Santiago*. Villa-Amil y castro, José, *La catedral de Santiago. Breve descripción histórica*, Madrid, 1909, p. 147. Panorámica da iluminación de documentos na Galicia medieval temos en: Yzquierdo Perrín, Ramón, "La miniatura en Galicia en la Baja Edad Media", cap. en Lacarra Duca, M<sup>o</sup> del Carmen (coord.), *La miniatura y el grabado de la Baja Edad Media en los archivos españoles*, Zaragoza, 2012, pp. 103-156. Y varias precisiones también interesantes en Barral Rivadulla, Dolores, "Menstrales, mentalidades y su reflejo en el arte bajomedieval gallego", *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades*, vol. 12 (2000), pp. 387-409.

10 López Ferreiro, Antonio, *Historia*, op. cit., t. VII, p. 391.

11 Sánchez Sánchez, Xosé M., "Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad", *Cuaderno de Estudios Gallegos*, vol. 57, n<sup>o</sup> 123 (2010), pp. 91-193.

12 Unha interesante personaxe que ben merecería un estudio pormenorizado, como o que fixemos para don Álvaro. Temos boas pegadas documentales, por exemplo, na *Colección de Documentos Soltos* do ACS.

conferirllle: a da pegada documental, a documentación de procesos, espazos, lugares e territorios; unidades de produción e persoas e aconteceres, que titulara o noso benquerido José M.<sup>a</sup> Díaz Fernández. Presentamos unha fonte que engadir ao elenco existente, pero, sobre todo, presentamos unha nova pegada medieval da zona de Ribadulla.

## Apéndice documental

1445, xullo, 12. Santiago de Compostela.

*Renuncia que fai o iluminador veciño de Compostela Afonso Pérez, e a súa dona, Aldara López, en beneficio do cabido de Santiago do foro que tiña sobre as viñas, terreos, casas e propiedades da cuarta parte do beneficio sen cura de San Mamede de Ribadulla, que pertencía á mesa capitular, cun novo arrendo sobre dita cuarta parte ao propio Afonso Pérez e dona por tempo da súa vida e por renda anual de trescentos marabedís, de xeito que á súa morte quedará libre e desembargado para o cabido sen pasar á súa dona o beneficio, senón unicamente as viñas e casas, polas que debería pagar anualmente douscentos marabedís.*

Fol. inv71<sup>o</sup>-v<sup>o</sup>.

Anno do nasçemento de Noso Sennor Ihesu Christo de mill et quatroçentos et quarenta e çinquo annos, doze dias do mes de julio.

Sabean todos conmo / eu Afonso Peres, y luminador, vesino e morador enna çidade de Santiago, por min e en nome de mina moller, Aldara Lopes, ab/ sente, ben e asy conmo se fose presente, por la qual obbligo a min e a todos meus bees que ela aja por firme e estauel tanto quanto / valedero ho adeante contiudo, por min e por ela de mina propia e libre voontade tanto e expresamente, renunçio e çedo en maaos de / vos os honrrados senores Nunno Peres de Soutomayor, juiz de Luou ordenario enna santa igllesia de Santiago e vigario ennos abtos / capitulares da dita igllesia por don Afonso de Carrança liçençiado en decretos, prot-honotario de noso sennor o Papa e dean enna dita santa igllesia, / et de vos Alonso Sanches de Auila, chantre enna ditya igllesia, e Juan Rodrigues de Medin, arcediano de Nendos, e Lopo de Mendoça e Juan de Cornado, Roy / Sanches, arçediano de Deça, e Martin Lopes e Rodrigo Alonso e Afonso Yanes da Crunna, cardeas, e Estebo Fernandes, thesoureiro, e Pascoal Gil, e Juan Manso, / Aluaro Peres de Canas, Jacome Sanches, Gonçaluo Vasques de Mandayo, Fernan Raposo, Afonso de Seuilla, Afonso de Moya, Pero Fernandes Arteiro, Aluaro Peres de Casteenda, / Gonçaluo Sanches, Aluaro Vasques, Lopo Garcia, Lopo Rodrigues et Nuno Fernandes, canonigos enna dita igllesia de Santiago, que presentes sodes en voso Cabildo enna / torre noua da dita igllesia, por tanjemento de campaa, segundo auedes de vso e de custume, conuen a saber a huun instrumento de aforamento que / a min e a a dita mina moller foy feyto de todas las vinnas e pardineiros de casas e çertas leiras de herdade que perteesçen e son da / quarta parte sen cura da igllesia de San Mamede de

Ribadulla, que he e perteesçe a a mesa capitular da dita igllisia. Et rogo e pido de merçede / a vos os ditos sennores vigario, personas e beneficiados da dita igllisia que presentes sodes que reçebades esta dita renunçiaçon e çesion / do dito foro por min e en nome da dita mina miller asy feita. Et tomedes e reçebades para vos mesmos e para o dito cabildo e mesa / capitular del as sobre ditas vinnas, casas e leiras de herdade e lagar de suso declarados, que asi a min e a a dita mina moller foy / feito, e façades de todo elo toda vosa libre voontade de aqui endeante, ou aforesdes a quen quiserdes e por ben touerdes sen meu embargo; e / por nos e en noso nome non vaamos nen pasemos contra esta dita renunçiaçon e çesion nunca en alguno tempo, nen por alguna maneira / nen por diseremos que ouve en elo enganno, nen por outra rason nen contradiconal alguno. Por juramento que sobre \elo/ faço en este signal de / cruz + en lugar de Santos Avangeos que corporalmente con mina maaõ direita tango en presença do notario e testemoyas de juso scriptos. Et so pena / de çen froliins de ouro de conto e de peso do cunno do reyno de Aragon que eu ou a dita minna moller, ou minnas e suas vozes e herdeiros, / ou qual quer de nos, vos peytemos e page-mos por pena se uos contra elo foremos e pasaremos en parte ou en todo.

Es nos / os ditos vigario, personas e beneficiados da dita igllisia, que presentes somos, seendo juntados enno dito noso cabildo segundo dito he, avido çerca / delo por moytas vezes noso acordo e deliberaçion e deligente trabado, reçebemos e admitimos nos e para nos / e para o dito cabildo e mesa capitular del, a dita renunçiaçon e çesion asy feita do dito aforamento das ditas vinnas e leiras de / herdade e casa e lagar por vos, o dito Afonso Peres, por uos e en nome da dita vosa moller feito. Et veendo e entendendo e seendo / ben çertos e sabedores en conmo vos, o dito Afonso Peres, e a dita vosa moller, Aldara Lopes, por vosas custas e expensas propias re/ parastes e teendes ben reparado e procurado as ditas vinnas, casa e lagar enno qual gastastes e despendestes asas de contias de / maravedis asy enna dita reparaçon e perfeitos conmo eso meesmo enno lagar, toneis, pipas e tinallas e outras preseas e voontades / pertessçentes a as vinnas, casa e lagar que enno dito lugar e casas do dito foro teendes, por ende nos en renunçiaçon de todo / elo, por nos e por nosos subçesores, doje este dia endeante, damos e outorgamos en teença a vos, o dito Afonso Peres, ylumina-dor, / que presentes sodes, con nos enno dito noso cabidoo, e a a dita Aldara Lopes, vosa moller, que he absente, ben e asy conmo se fose presente, / por todo tempo de vosas vidas e de cada huun de vos, para que ajades e leuedes as rentas, foros, desemos e quaesquer dereituras / e mortuoros, ofenças e primiças, terrad-gos, forarias, sennorio e outras quaesquer cousas perteesçentes, conuen a saber: a a / nosa quarta parte entregamente sen cura da igllisia de San Mamede de Ribadulla, que perteesçe a a dita nosa mesa capitular, et a nos por / rason de con todas las rendas de pan e de vino, foros e outras quaesquer ecclesiasticas dereituras a a dita quarta parte sen cura da dita / nosa igllisia, perteesçentes con mays as ditas vinnas, casas e lagar e leiras de herdade de suso declaradas, e todo o al que perteesçe / e que perteesçer deue a a dita igllisia que uos o dito Afonso Peres asy tinnades de foro, para que vos e a dita vosa moller, Aldara Lopes, tennades / de teença en totalas ditas vosas vidas danbos e de cada huun de vos as sobre ditas vinnas e leiras de herdade e casas e / lagar de suso declarados. Et mays que

vos o dito Afonso Peres en toda a dita vosa vida con as ditas vinnas e herdades, casas e lagar, ajades / ajades (sic) e leuedes as rendas de pan e vinno e outras quaesquer ecclesiasticas dereituras que renderen a dita quarta parte do dito noso beneñicio para / vos e para a dita vosa moller. Et que por rason de todo elo vos, o dito Afonso Peres, en vosa vida dedes e pagedes en cada huun anno ao noso / despensero, que agora he, e \a os/ outros despenseros que por los tempos foren do dito cabildo, tresentos maravedis de moneda vella, contando branca a a / tres dineiros, pagos en paz e en saluo e sen desconto alguno en cada huun anno por cada dia de Pascoa da Resureuçon de Ihesu Christo en / casa do dito noso despenseyro. Et despois de morte de vos o dito Afonso Peres, que o dito beneñicio quarta parte sen cura da dita igllisia de San / Mamede de Ribadulla, et suas rendas del, fique ser libre e desembargada a o dito cabildo e mesa capitular. Et que a dita Aldara / Lopes, vosa moller, ho non posa aver nen coller o dito beneñicio, saluo tan solamente que en toda sua vida aja e leue as sobreditas vinnas, / casas e lagar e herdades que asy perteesçen ao dito foro e andan con el, segundo que o uos e ela teendes aforado, et ho en nos e enno dito // noso cabidoo traspasades et que de et page en cada huun anno en toda sua vida et penson por rason delas et do vino e outras rentas et fru/ tas quaes quer que ela aja et para quen ela quiser conmo as Deus en elas der, duzentos maravedis da dita moneda vella, postos et pagos en paz et en saluo en / casa do dito despenseiro por lo dito dia de Pascoa de Resureiçon, e que sen desconto de todo o sobre dito vos, o dito Afonso Peres, e a dita vosa moller durante o tempo de vosas vidas auedes e deuedes de teer reparado as ditas vinnas, casas et lagar, et cubrir a dita casa de tella et teer o dito / lagar ben reparado et posto en el et enna dita casa dous tonees grandes et duas pipas grandes e tres tinallas grandes, et as outras preseas que per/ teesçen a vinna et casa e lagar; et asi leyxar os sobre ditos fustes e preseas con a dita casa et lagar et perfeitos et reparos, que en todo elo fezerdes / libre, quito e desembargado ao dito cabildo et mesa capitular. Et eso mesmo vos, o dito Afonso Peres, enna dita vosa vida auedes e deuedes de / pagar rey e Roma e see e padroos e susubyr todos los outros encargos que enno tempo da dita vosa vida foren postos a a dita quarta parte sen / cura da dita nosa igllisia. Et comprindo e fasendo vos et cada huun de vos sto que dito he nos nen nosos suçesores contra vos deuemos de tirar, quitar / nen toller nen enbargar o dito beneñicio e vinas, casas e lagar e leiras de herdade nen rentas, dezemos, frutos e outras cousas algunas del que / vos asy damos e outorgamos en teença conmo dito he, para que vos, a dita vosa moller e quen vos e ela quiserdes façades delas e en elas / durante o dito tempo de vosas vidas conmo de cousas vosas propias. Et que vos lo non podamos nos nen nosos suçesores tirar nen quitar nen enbar/ gar nen viinir nen pasar contra elo por mays renda nen menos nen por al tanto que outro por todo elo ou por qual quer cousa e parte delo nos queran dar / nen prometer por fizereiros e alegaremos que ouve en elo enganno nen por outra rason, alegaçõen nen contradicõen alguna. Antes prometemos / e nos obligamos de vos faseremos todo saao e de pas durante as ditas vosas vidas por los bees e rentas da dita igllisia e mesa capi/ tular dela que nos para elo obligo, so penna que vos peytemos tres mill maravedis de moneda vella. Et de mays que o dito foro quede para vos e para a dita / vosa moller ben asy et conpridamente conmo se o non renunçiar-



des nen traspasardes en nos e enno dito noso cabildo se vos non fise/ remos este dito contrabto e ho en el contiudo seguro, çerto, saao e de paz a todo tempo alçandovos e fasendovos alçar et quitar a nosa / propia custa et mension et peligro, qual quer embargo ou inquietaçon que de feyto ou de dereito qual quer persona vos queyra ou queiran faser / e feseren, e que a pena pagada ou non pagada senpre valla. Et sejamnos nos e nosos suçesores et cabildo tenidos e obligados a teer, gardar, conprir, este / dito contrabto et todo o en el contiudo.

Et eu, o dito Afonso Peres, yluminador, que presente soo, para min et para a dita mina moller, Aldara Lopes, asi o ou/ torgo e reçoço para min e para ela o dito benefiço, vinnas, casas e lagar et leiras de herdade de sus declaradas. Et obligo a meus et / seus bees auidos et por auer, que eu e ela demos et paguemos en cada huun anno postos en paz et en saluo en casa do dito despenseiro / os ditos trescentos maravedis ao dito termino en esta maneira: en vida de min, o dito Afonso Peres, os ditos trescentos maravedis, et despois de meu finamento / que a dita quarta parte do dito benefiço fique libre et desenbargado ao dito cabidoo. Et que a dita mina moller, por razon das ditas vinnas, casas / et lagar et herdades que en toda sua vida ha de teer e levar et auer as rentas delas para sy, que de et page en toda sua vida os / ditos duzentos maravedis.

Et qual quer de nos as ditas partes que contra esto que dito he vier ou pasar, en parte ou en todo, et ho asy non conprir / et aguardar pague por penna a outra parte que o aguardar et conprir os ditos tres mill maravedis. Et a pena, pagada ou non pagada, conmo / dito he todavia este dito contrabto et ho contiudo en el, fique firme et valla en seu reuor.

Que foy feito et outorgado enno dito ca/ bidoo, anno, dia et mes sobre ditos, estando presentes por testemoyas os sobreditos Nunno Peres de Soutomayor, juiz de Luou, et Martín Lopes / et Rodrigo Eanes Afonso e Afonso Yanes, cardeaas, et Esteuoo Fernandez, thesoureiro, et Pascoal Gil e Johan Manso e Aluaro Peres de Canas e Jacome / Sanches e Juan Rodrigues, porteyro do dito cabidoo.

Pasou por ante min, Jacome Eanes, notario apostolico et escusador (*signo*).

## Siglas

ACS	Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago
AD	Apéndice Documental

## Signos na transcripción do AD

/	fin de liña
//	fin de páxina
\ /	sobre a liña